



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre sistemas para a contratación pública

CONVOCATORIA: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre sistemas para a contratación pública

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 26/10/2022 - 09:00h ao 03/11/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional. Neste grupo de persoas destinatarias priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.
- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no maxexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

FOI APRAZADA A XORNADA DO DÍA 8 AO 15 DE NOVEMBRO por circunstancias organizativas.

A xornada de formación práctica dixital (E-martes), que se desenvolverá o día 15 de novembro de 2022, abordará os seguintes contidos:

- A plataforma de contratos públicos de Galicia (CPG).
- Como facer unha presentación electrónica das ofertas a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (Silex).
- O xestor de expedientes de contratación (Plation).
- Como darse de alta no Rexistro Xeral de Contratistas (RXC).
- Como presentar unha factura electrónica a través do Sistema electrónico de facturación (SEF) da Xunta de Galicia.

Os dous grupos de persoas destinatarias participarán de xeito conxunto na parte teórica da formación, que na súa parte

práctica se adaptará aos requirimentos específicos de cada grupo de persoas destinatarias.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas reservaranse para o colectivo do persoal empregado público da Administración autonómica e para a selección das prazas deste grupo terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e requisitos de selección establecidos na bases terceira e oitava respectivamente. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen (Administración autonómica, para o persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, ou cidadanía, no caso de non ser persoal empregado público).

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e despois seleccionar en nome do curso a Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre sistemas para a contratación pública.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 15/11/2022 a 15/11/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: AMPLIACIÓN PRAZO - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ MANUEL ROMERO GARCÍA

José Manuel Seoane Debasa

Manuel Núñez Méndez

Manuel Otero Vieites

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 4 (Informática): O día 15 de novembro de 13:00 a 14:30. O día 15 de novembro de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: O día 15 de novembro de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 13 (Informática): O día 15 de novembro de 13:00 a 14:30. O día 15 de novembro de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA